

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 02 DE MAIO DO 2024.

ASISTENTES:

Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO Membros que asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Dous de Maio do Dous mil vinte e catro, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 25/04/2024

2.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202404/427

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 25/04/2024. DECRETO: "APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LAS OBRAS "HUMANIZACIÓN DE LOS ESPACIOS EXTERIORES DEL FARO DE CORRUBEDO" FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATION-EU, EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA""

3.- SOLICITUDE CESIÓN DE USO DA PRIMEIRA PLANTA DO MERCADO MUNICIPAL DE RIBEIRA – Asociación Galega para axuda dos enfermos con demencia tipo Alzheimer

Visto o escrito presentado por Isabel Gey Pérez en representación da **Asociación Galega para axuda dos enfermos con demencia tipo Alzheimer**, de data 29/04/2024 (Rexistro de entrada nº 10.608), no que solicita a cesión de uso da primeira planta do Mercado Municipal



de Ribeira para o servizo de “Cultiva o Corpo”, os luns e mércores, en horario de 10:00 h. a 13:00 h., co fin de mellorar as capacidades físicas das persoas maiores co apoio dun/ha fisioterapeuta.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** a cesión de uso da primeira planta do Mercado Municipal de Ribeira para o servizo de “Cultiva o Corpo”, os luns e mércores, en horario de 10:00 h. a 13:00 h., co fin de mellorar as capacidades físicas das persoas maiores co apoio dun/ha fisioterapeuta.

4.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Jorge González González

Visto o escrito presentado por **Jorge González González**, de data 29/04/2024 (Rexistro de entrada nº 10.574), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Remolque - Churrería 2,10 m x 2,50 m), desde o 28/06/2024 ata o 30/09/2024, en Corrubedo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Jorge González González** para a instalación dun posto de venda ambulante (Remolque - Churrería 2,10 m x 2,50 m), desde o 28/06/2024 ata o 30/09/2024, en Corrubedo.
- Deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes no inicio da actividade.**
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.**
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Elisa Petrovich Díaz

Visto o escrito presentado por **Elisa Petrovich Díaz**, de data 29/04/2024 (Rexistro de entrada nº 10.517), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (patacas e perritos), en Aguiño, co motivo da celebración da Festa dos Maios.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Elisa Petrovich Díaz** para a instalación dun posto de venda ambulante (patacas e perritos), en Aguiño, co motivo da celebración da Festa dos Maios.
- Deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes no inicio da actividade.**
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.**



- e) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Jasmin González Gutiérrez

Visto o escrito presentado por **Jasmin González Gutiérrez**, de data 29/04/2024 (Rexistro de entrada nº 10.587), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (bebidas), o día 04/05/2024, en Aguiño, co motivo da celebración da Festa dos Maíos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Jasmin González Gutiérrez** para a instalación dun posto de venda ambulante (bebidas), o día 04/05/2024, en Aguiño, co motivo da celebración da Festa dos Maíos.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a **ubicación exacta** do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Eva Petrovich Díaz

Visto o escrito presentado por **Eva Petrovich Díaz**, de data 29/04/2024 (Rexistro de entrada nº 10.572), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (mojitos), o día 04/05/2024, en Aguiño, co motivo da celebración da Festa dos Maíos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Eva Petrovich Díaz** para a instalación dun posto de venda ambulante (mojitos), o día 04/05/2024, en Aguiño, co motivo da celebración da Festa dos Maíos.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a **ubicación exacta** do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



8.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Manuel Petrovich Zapata

Visto o escrito presentado por **Manuel Petrovich Zapata**, de data 29/04/2024 (Rexistro de entrada nº 10.582), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (mojitos), o día 04/05/2024, en Aguiño, co motivo da celebración da Festa dos Maíos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Manuel Petrovich Zapata** para a instalación dun posto de venda ambulante (mojitos), o día 04/05/2024, en Aguiño, co motivo da celebración da Festa dos Maíos.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a **ubicación exacta** do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

27297 24.11.2023 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., realizar unha canalización de baixa tensión de 28 m. de lonxitude para dar subministro eléctrico a un edificio de vivendas situado na Avda. da Paz, Ribeira.

10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

5942 08.03.2024 DANIEL CACHARRON SAMPEDRO, cambio de fiestras, na rúa Marcial del Adalid, 2-3º dereita, Ribeira.

11.- LICENZA MUNICIPAL PARA EXECUCIÓN DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA COMERCIO POLO MIÚDO DE PERFUMERÍA, DROGUERÍA E PARAFARMACIA. LUGAR: AVDA. ROSALÍA DE CASTRO, Nº 14, RIBEIRA. PROMOTOR: ARENAL PERFUMERÍAS, S.L.U.

VISTA a solicitude de licenza urbanística para **execución de obras de acondicionamento de local para comercio polo miúdo de perfumería, droguería e parafarmacia**, no lugar de **AVDA ROSALÍA DE CASTRO, Nº 14, RIBEIRA** da que é promotora a entidade **ARENAL PERFUMERÍAS, S.L.U.**



VISTO o informe emitido polo arquitecto municipal o día 23 de abril de 2024.

VISTO o informe emitido polo técnico municipal de medio ambiente o día 23 de abril de 2024.

VISTO o informe emitido polo técnico de administración xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo de data 24 de abril de 2024 e

VISTO o informe do secretario xeral da Corporación de data 24 de abril de 2024,

EXAMINADA a documentación que lle acompaña ó resto do expediente considérase que a tramitación do mesmo realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade **ARENAL PERFUMERÍAS, S.L.U. LICENZA DE OBRAS (Nº 15/24)** para acondicionamento de local para comercio polo miúdo de perfumería, droguería e parafarmacia, sito na Avenida Rosalía de Castro nº 14, Ribeira en parcela con refª catastral nº 0716608NH0101N0001FF, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 9 de abril de 2024 redactado por D.Miguel Ferrer Domínguez, (arquitecto col. nº 3.830

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- En atención ao artigo 23 da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando o concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades.

QUINTO.- Logo de rematar a obra, presentarase **comunicación previa para o inicio de actividade** segundo o disposto polo artigo 9 do Decreto 144/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos así como polo artigo 364.2 do Decreto 143/2016 de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia coa seguinte documentación:



-Certificado Final de Obra.

-RCDs: documentación que acredite que os RCDs realmente producidos na obra foron xestionados, no seu caso, en obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

SEXTO:- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3.



Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista”.

- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

DÉCIMO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.



DÉCIMO SEGUNDO.- NOTIFICAR o presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

12.- LICENZA MUNICIPAL CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR illada COMPOSTA DE SOTO, PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA. LUGAR: LUGAR DE SAMPEDRO, S/N, PALMEIRA, RIBEIRA. PROMOTOR: SALVADOR TORRES LÓPEZ

VISTA a solicitude de e **licenza urbanística** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA COMPOSTA DE SOTO, PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA, LUGAR DE SAMPEDRO, PALMEIRA (RIBEIRA)**, da que é promotor **D. Salvador Torres López**.

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **4 de marzo de 2024**.

VISTO o **informe** emitido pola **enxeñeira municipal** o día **10 de abril de 2024** en relación á fianza para responder pola reposición de pavimento ao que da fronte o solar que nos ocupa, valorada en **4.292,15 €**.

VISTO o **informe** emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo de data **12 de abril de 2024**,

VISTO o **informe** emitido polo **Secretario Xeral de Corporación** con data **12 de abril de 2024**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a D. Salvador Torres López LICENZA DE OBRAS (Nº 16/24) para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA COMPOSTA DE SOTO, PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA**, na Finca B resultante da licenza de segregación nº 5/19, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 3 de outubro de 2019, sita no lugar de Sampedro, s/n, Palmeira, Ribeira, con refª catatral nº 15074A036000010000KM, nos termos do Proxecto Básico con sinatura dixital de día 1 de marzo de 2024, redactados por D. Miguel Martínez Castro, (arquitecto col. nº 2.325):

- Deberá presentar **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos que deberá obter a aprobación municipal con anterioridade ao inicio das obras.
- Deberá depositar **unha fianza nas arcas municipais de 4.292,15 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza**, segundo informe da enxeñeira municipal para responder pola reposición de pavimento ao que da fronte o solar.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo visado colexial.



SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a preceptiva Comunicación previa de primeira ocupación, segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a Lei 2/2016, do solo de Galicia, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.
- Para a validación da Comunicación previa de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa



invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.

- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realízase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

DÉCIMO PRIMEIRO:-Notificalo presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

13.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRA DE AMPLIACIÓN DE NAVE CONSERVEIRA - Ignacio González Montes, S.A.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de Protección Ordinaria.

REFª CATASTRAL: 15074A023000600000KS.

SITUACIÓN: Lugar de Couso s/n, Aguiño, Ribeira.

PROMOTOR/A: IGNACIO MONTES S.A. (CIF A-15032196).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. José Manuel Engroba Cabo, Enxeñeiro Técnico Industrial (col. nº 654) e Sr. César Vázquez Valcárcel, Enxeñeiro Agrónomo, (col. nº 742).

PROXECTO: Proxecto Básico de ampliación de nave conserveira de agosto de 2022.

INFORMES/AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS: Autorización de obras de ampliación nave conserveira, Exp. DH.W15.88507 asinado o día 17 de novembro de 2022 polo subdirector xeral de xestión de dominio público hidráulico Sr. Roberto Arias Sánchez, pola directora de Augas de Galicia Sra. Teresa Mª Gutiérrez Lópezasí como polo xefe do servizo territorial Galicia - Centro Sr. Jesús Antonio Manrique Merino / Informe emitido polo servizo de avaliación ambiental de proxectos Non é previsible que as accións derivadas do proxecto xeren impactos sobre bens do patrimonio cultural coñecidos, polo que non é necesario establecer medidas protectoras ou correctoras a incluír no Informe de impacto ambiental asinado pola directora do laboratorio de medio ambiente de Galicia Sra. Maria Luz Macho Eiras o día 15 de decembro de 2023 / Informe técnico-biolóxico MM-24-S002, sobre o proxecto "Proxecto básico de ampliación de nave conserveira" asinado polo técnico medio mariño do servizo de planificación Sr. Juan Miguel Acuña Garaboa o día 10 de xaneiro de 2024 / Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural Expediente: 03.H.1354.2023.001 e IA3705/2023 asinado pola directora xeral de Patrimonio Cultural Sra. Mª Carmen Martínez Insua o día 3 de febreiro de 2024 no que conclúe que non é previsible que as accións derivadas do proxecto xeren impactos sobre bens do patrimonio cultural coñecidos, polo que non é necesario establecer medidas protectoras ou correctoras a incluír no Informe de impacto ambiental / Informe favorable emitido polo Instituto de Estudos do Territorio Expediente IET: P-22-277 asinado o día 30 de xaneiro de 2024 polo director do departamento técnico de estudos Sr. José Antonio Serantes Barbeito polo xefe do servizo de planificación de paisaxe Sr. José Luis Álvarez Vicente e polo director do instituto de estudos do territorio Sr. Enrique Luis de Salvador Sánchez Como se sinalou no informe do IET de data 31/03/2023 no que sinalan que o proxecto de referencia provocará un impacto paisaxístico significativo, toda vez que se duplica a ocupación do bordo costeiro cunha implantación dunha industria transformadora e as súas instalacións derivadas (aparcadoiro de gran capacidade, naves e depósitos secundarios). En todo caso, as medidas de integración paisaxística



recollidas no documento ambiental achegado en data 29/01/2024, poden considerarse adecuadas para a integración das novas instalacións e para minimizar a súa visibilidade / Informe sectorial favorable no trámite de avaliación de impacto ambiental simplificado asinado polo xefe de área técnica de análise de proxecto Sr. José Manuel Pena Regueiro e polo subdirector xeral de espazos naturais Sr. Tomás Fernández-Couto Juanas o día 9 de febreiro de 2024 / Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático pola que se formula o Informe de impacto ambiental favorable do proxecto "Ampliación de fábrica de conservas de peixes e produtos do mar", no concello de Ribeira (A Coruña), promovido por Ignacio González Montes S.A, (Clave 2021/2024), concluíndo que, nos termos recollidos ao longo do presente documento, non son previsibles efectos adversos significativos sobre o medio ambiente e, polo tanto, non se considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria, asinado polo xefe do servizo de avaliación ambiental Sr. Manuel Díaz Cano o día 4 de marzo de 2024 polo subdirector xeral Sr. Juan Manuel Camiño Soto o día 4 de marzo de 2024, pola directora xeral de calidade ambiental, sostibilidade e cambio climático Sra. Sagrario Pérez Castellanos o día 4 de marzo de 2024 / Escrito emitido pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático asinado polo Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, o día 19 de abril de 2024 mediante o que contesta á consulta efectuada, aclarando o seguinte: "(...) No caso que nos ocupa, o expediente recibíuse directamente dese Concello que actuou como órgano substantivo/tramitador. Una vez resolto o trámite ambiental foi remitido a Consellería do Medio Rural e a ese Concello para que logo do trámite ambiental se continúe co trámite de obtención de licenzas. A consellería do Medio Rural devolveunos a comunicación por non tratarse dunha industria agroalimentaria e non atoparse dentro das súas competencias. A estrutura orgánica da Consellería do Mar que establece o Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar establece: A Consellería do Mar é o órgano da Administración galega ao que, baixo a superior dirección da persoa titular do departamento, corresponde propoñer e executar as directrices xerais do Goberno en materia de ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo, acuicultura, confrarías de pescadores/as e demais organizacións e asociacións dos/as profesionais do sector, industrias pesqueiras e conserveiras, establecementos de almacenamento, manipulación, vendas e transformación do pescado. Función encomendada, no referente a almacenamento, manipulación e transformación, á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, competente na dirección e coordinación das competencias e funcións en materia das industrias de transformación, comercialización e almacenamento dos produtos da pesca, o marisqueo e acuicultura, polo que, segundo a estrutura orgánica da consellería do Mar, corresponde a substantividade a dita Dirección Xeral.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Vista a licenza de obra nº 787/91 concedida o día 5 de decembro de 1991 á entidade IGNACIO MONTES S.A. para construción de nave conserveira no lugar de Couso s/n, Aguiño, Ribeira.

SEGUNDO.- Vistos os Decretos de alcaldía de día 6 de decembro de 1993 e 27 de outubro de 1994 mediante os que se concede á entidade IGNACIO MONTES S.A. a licenza de actividade provisional e definitiva, notificada esta última á dita entidade o día 15 de novembro de 1994.

TERCEIRO.- Visto o escrito presentado pola IGNACIO MONTES S.A., rexistrado de entrada o día 28 de setembro de 2022, (Rexistro de entrada nº 18.627), mediante o que solicita licenza de obra para ampliación de nave conserveira existente e sita no lugar de Couso s/n, Aguiño, Ribeira, con refª catastral nº 15074A023000600000KS, achegándose Proxecto Básico de ampliación de nave conserveira de agosto de 2022 redactado polo Sr. José Manuel Engroba Cabo, Enxeñeiro Técnico Industrial (col. nº 654) e Sr. César Vázquez Valcárcel, Enxeñeiro Agrónomo, (col. nº 742).

CUARTO.- Visto o informe favorable respecto á viabilidade urbanística emitido pola Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo Sra. Mª Encarnación Rivas Díaz con sinatura dixital de día 27 de novembro de 2018.

QUINTO.- Visto o acordo adoptado en sesión celebrada o día 23 de setembro de



2021 polo Consello da Xunta de Galicia mediante o que se declara iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de ampliación de industria conserveira en Ribeira (A Coruña) promovido por IGNACIO MONTES S.A.

SEXTO.- Vistos os antecedentes obrantes no expediente, vista a Autorización de obras de ampliación nave conserveira, Exp. DH.W15.88507 asinado o día 17 de novembro de 2022 polo subdirector xeral de xestión de dominio público hidráulico Sr. Roberto Arias Sánchez, pola directora de Augas de Galicia Sra. Teresa Mª Gutiérrez Lópezasí como polo xefe do servizo territorial Galicia - Centro Sr. Jesús Antonio Manrique Merino, visto o Informe emitido polo servizo de avaliación ambiental de proxectos Non é previsible que as accións derivadas do proxecto xeren impactos sobre bens do patrimonio cultural coñecidos, polo que non é necesario establecer medidas protectoras ou correctoras a incluír no Informe de impacto ambiental asinado pola directora do laboratorio de medio ambiente de Galicia Sra. Maria Luz Macho Eiras o día 15 de decembro de 2023, visto o Informe técnico-biológico MM-24-S002, sobre o proxecto “Proxecto básico de ampliación de nave conserveira” asinado polo técnico medio mariño do servizo de planificación Sr. Juan Miguel Acuña Garaboa o día 10 de xaneiro de 2024, visto o Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural Expediente: 03.H.1354.2023.001 e IA3705/2023 asinado pola directora xeral de Patrimonio Cultural Sra. Mª Carmen Martínez Ínsua o día 3 de febrerío de 2024 no que conclúe que non é previsible que as accións derivadas do proxecto xeren impactos sobre bens do patrimonio cultural coñecidos, polo que non é necesario establecer medidas protectoras ou correctoras a incluír no Informe de impacto ambiental, visto o Informe favorable emitido polo Instituto de Estudos do Territorio Expediente IET: P-22-277 asinado o día 30 de xaneiro de 2024 polo director do departamento técnico de estudos Sr. José Antonio Serantes Barbeito polo xefe do servizo de planificación de paisaxe Sr. José Luis Álvarez Vicente e polo director do instituto de estudos do territorio Sr. Enrique Luis de Salvador Sánchez Como se sinalou no informe do IET de data 31/03/2023 no que sinalan que o proxecto de referencia provocará un impacto paisaxístico significativo, toda vez que se duplica a ocupación do bordo costeiro cunha implantación dunha industria transformadora e as súas instalacións derivadas (aparcadoiro de gran capacidade, naves e depósitos secundarios). En todo caso, as medidas de integración paisaxística recollidas no documento ambiental achegado en data 29/01/2024, poden considerarse adecuadas para a integración das novas instalacións e para minimizar a súa visibilidade / Informe sectorial favorable no trámite de avaliación de impacto ambiental simplificado asinado polo xefe de área técnica de análise de proxecto Sr. José Manuel Pena Regueiro e polo subdirector xeral de espazos naturais Sr. Tomás Fernández-Couto Juanas o día 9 de febrerío de 2024, vista a **Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental , Sostibilidade e Cambio Climático pola que se formula o Informe de impacto ambiental favorable do proxecto “Ampliación de fábrica de conservas de peixes e produtos do mar”, no concello de Ribeira (A Coruña), promovido por Ignacio González Montes S.A, (Clave 2021/2024)**, concluíndo que, nos termos recollidos ao longo do presente documento, non son previsibles efectos adversos significativos sobre o medio ambiente e, polo tanto, non se considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria, asinado polo xefe do servizo de avaliación ambiental Sr. Manuel Díaz Cano o día 4 de marzo de 2024 polo subdirector xeral Sr. Juan Manuel Camiño Soto o día 4 de marzo de 2024, pola directora xeral de calidade ambiental, sostibilidade e cambio climático Sra. Sagrario Pérez Castellanos o día 4 de marzo de 2024, visto o Escrito emitido pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático asinado polo xefe do servizo de avaliación ambiental de Proxectos, Sr. Manuel Díaz Cano o día 19 de abril de 2024 mediante o que contesta á consulta efectuada, aclarando o seguinte: No caso que nos ocupa, o expediente recibíuse directamente dese Concello que actuou



como órgano substantivo/tramitador. Una vez resolto o trámite ambiental foi remitido a Consellería do Medio Rural e a ese Concello para que logo do trámite ambiental se continúe co trámite de obtención de licenzas. A consellería do Medio Rural devolveunos a comunicación por non tratarse dunha industria agroalimentaria e non atoparse dentro das súas competencias. A estrutura orgánica da Consellería do Mar que establece o Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar establece: A Consellería do Mar é o órgano da Administración galega ao que, baixo a superior dirección da persoa titular do departamento, corresponde propoñer e executar as directrices xerais do Goberno en materia de ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo, acuicultura, confrarías de pescadores/as e demais organizacións e asociacións dos/as profesionais do sector, industrias pesqueiras e conserveiras, establecementos de almacenamento, manipulación, vendas e transformación do pescado. Función encomendada, no referente a almacenamento, manipulación e transformación, á **Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica**, competente na dirección e coordinación das competencias e funcións en materia das industrias de transformación, comercialización e almacenamento dos produtos da pesca, o marisqueo e acuicultura, polo que, segundo a estrutura orgánica da consellería do Mar, **corresponde a substantividade a dita Dirección Xeral**.

SÉTIMO.- Visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal Sr. Óscar Pidre Mosquera con sinatura dixital de día 1 de abril de 2024.

OITAVO.- Visto o informe técnico favorable emitido polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga con sinatura dixital de día 22 de abril de 2024.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación aplicable ven determinada por:

- *Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.*
- *Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.*
- *A Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental modificada pola Lei 9/2018 de 5 de decembro.*
- *A Lei 9/2013 de 19 de decembro do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.*
- *Decreto 37/2014 de 27 de marzo polo que se declaran zonas especiais de conservación aos lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.*
- *Directiva 2009/147/CEE do Parlamento Europeo e do Consello de 30 de novembro de 2009.*
- *Parque Natural “Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán” declarado mediante o Decreto 139/1992 do 5 de xuño.*
- *Humidal Protexido “Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo” segundo o Decreto 127/2008 do 5 xuño.*
- *Lei 5/2019 de 2 agosto de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia.*
- *Humidal de importancia internacional (Ramsar) “Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo” designado o 26 de marzo de 1993.*
- *Plan de Ordenación do Litoral aprobado definitivamente polo Decreto 20/2011 de 10 febreiro.*



- *Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas.*
- *Ordenación do Territorio: O Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio de Galicia.*
- *O artigo 21.1.j) e 22.2.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A Parcela sita no lugar de Couso s/n, Aguiño, Ribeira, con refª catastral nº 15074A023000600000KS na que se sitúa a estación de servizo obxecto de legalización clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17 de decembro de 2002, publicado no B.O.P. de data 14 de xaneiro de 2003 e no D.O.G. do 20 de marzo de 2003, como **SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA**.

SEGUNDO.- A ampliación solicitada pola entidade IGNACIO MONTES S.A., proxecta una ampliación da nave conserveira existente no lugar de Couso s/n, Aguiño, Ribeira, construída ao amparo da licenza municipal de obras nº 787/91 concedida o día 5 de decembro de 1991 así como con licenza de actividade definitiva concedida por decreto de alcaldía de día 27 de outubro de 1994, polo que dita ampliación está amparada polo disposto na Disposición Transitoria Terceira da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

TERCEIRO.- Segundo escrito emitido pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático asinado polo Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, o día 19 de abril de 2024, o **ÓRGANO SUBSTANTIVO e a DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA (CONSELLERÍA DO MAR)**, como competente na dirección e coordinación das competencias e funcións en materia das industrias de transformación, comercialización e almacenamento dos produtos da pesca, o marisqueo e acuicultura, polo que, segundo a estrutura orgánica da consellería do Mar.

CUARTO.- Artigos 39 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, (en adiante LSG).

Subsección 4ª. Condicións de edificación.

Así o artigo 39 da citada LSG establece as condicións xerais das edificacións en solo rústico.

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, tratamento, eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadorios suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

Estas solucións deberán ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e aportando as garantías esixidas para o efecto pola administración na forma que regulamentariamente se determine.

b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou



limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

- As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

- O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

- Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.

- A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.

Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.

d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:

- Deberá xustificarse cumplidamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m).

- A superficie mínima da parcela sobre a que se emplazará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1 m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas.

- A superficie máxima ocupada pola edificación en planta no excederá do 20% da superficie do predio. No caso de invernadoiro con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e fácilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.

Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.

- Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

- Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela debrán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

- As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

- Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, o nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

e) Fárase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións



ao uso e á edificabilidade impostas pola título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica.

f) As edificacións destinadas ao uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar íntimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que ésta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.

g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán ubicarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivienda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvagardando a calidade ambiental do contorno. Cuando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e áa vivienda máis próxima será de 100 metros.

A distancia á vivienda non será tida en conta si a mesma e a explotación son do mesmo titular.

Aos efectos da presente lei, se considera explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.

Título III.- Normas de Aplicación Directa.

O artigo 91 Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.

As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

QUINTO.- O Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia regula o Solo Rústico nos artigos 45 a 63, destacando no presente expediente os seguintes.

Artigo 59. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos nos artigos 36 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 51 do presente regulamento, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o



abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

Estas solucións deberán ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración (artigo 39.a) da LSG), conforme o previsto na letra a) do número 3 do artigo anterior.

b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona (artigo 39.b) da LSG).

c) Farase constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica (artigo 39.e) da LSG).

d) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos previstos neste regulamento (artigo 39.f) da LSG).

e) Cumprir as condicións de edificación previstas no artigo seguinte.

f) Cumprir as condicións de posición e implantación previstas no artigo 61.

Artigo 60. Condicións de edificación

1. As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

2. O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

3. Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio en que se sitúen.

As características concretas de revestimento, pintado ou outras condicións exíxibles serán determinadas no planeamento respectivo.

Os peches realizados con material opaco poderán realizarse con materiais tradicionais do medio en que se sitúen.

Para estes efectos, os cerramentos e valados poderán ser vexetais, polo seu efecto estético e a súa acción positiva en relación co medio natural ao servir de refuxio para a fauna silvestre, procurando o uso de especies arbustivas autóctonas.

4. A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.

Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.

Artigo 61. Condicións de posición e implantación.

1. Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación



idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas nos artigos 35.1 letras g), h), i), l) e m) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e nas mesmas letras do artigo 50.1 deste regulamento.

2. A superficie mínima da parcela sobre a cal se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados nos artigos 35.1.m) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 50.1.m) deste regulamento e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos non será admisible a adscrición doutras parcelas.

3. A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio.

As instalacións auxiliares tales como piscinas, pérgolas ou pistas deportivas non terán a consideración de edificación para os efectos do previsto neste punto.

No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e as infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.

Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.

4. Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

5. Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

As instalacións de invernadoiros con destino exclusivo a uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables non terán a consideración de construcións para os efectos do previsto neste punto.

6. As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabamento dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

7. Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

Título III.- Normas de Aplicación Directa.

O artigo 216 Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.

1. As normas de aplicación directa contidas no presente título vincularán todos os instrumentos de planeamento urbanístico e ás administracións públicas, que deberán aterse a elas ao conceder ou denegar licenzas e ao exercer as súas competencias urbanísticas, exista ou non planeamento aplicable, así como aos particulares que deberán telas en conta nas obras e actuacións que promovan, en execución do planeamento urbanístico.

2. O uso do solo e, en especial, a súa urbanización e edificación, deben adaptarse ás características naturais e culturais do seu contorno, así como respectar os seus valores.

3. As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas e, para tal efecto (artigo 91 da LSG) establécense con carácter xeral e con independencia da clasificación do solo, as seguintes normas de aplicación directa:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el (artigo 91.a) da LSG) e ser coherentes coas características naturais e culturais do seu contorno inmediato e da paisaxe circundante.



b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezaas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto (artigo 91.b) da LSG).

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe (artigo 91.c) da LSG).

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados (artigo 91.d) da LSG).

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións (artigo 91.e) da LSG).

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes (artigo 91.f) da LSG).

4. As normas establecidas no punto anterior deben ser concretadas polo concello respectivo, en forma de determinacións xustificadas incluídas nos instrumentos de planeamento urbanístico aplicables, ou ben en forma de condicións que se impoñan nos títulos habilitantes de natureza urbanística e demais autorizacións que procedan, en desenvolvemento xustificado das citadas determinacións.

SEXTO.- O artigo 142 da LSG dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

SÉTIMO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da LSG, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta en relación á solicitude da licenza de obra, Autorización de obras de ampliación nave conserveira, Exp. DH.W15.88507 asinado o día 17 de novembro de 2022 polo subdirector xeral de xestión de dominio público hidráulico Sr. Roberto Arias Sánchez, pola directora de Augas de Galicia Sra. Teresa M^a Gutiérrez Lópezasí como polo xefe do servizo territorial Galicia - Centro Sr. Jesús Antonio Manrique Merino, visto o Informe emitido polo servizo de avaliación ambiental de proxectos Non é previsible que as accións derivadas do proxecto xeren impactos sobre bens do patrimonio cultural coñecidos, polo que non é necesario establecer medidas protectoras ou correctoras a incluír



no Informe de impacto ambiental asinado pola directora do laboratorio de medio ambiente de Galicia Sra. Maria Luz Macho Eiras o día 15 de decembro de 2023, visto o Informe técnico-biolóxico MM-24-S002, sobre o proxecto “Proxecto básico de ampliación de nave conserveira” asinado polo técnico medio mariño do servizo de planificación Sr. Juan Miguel Acuña Garaboa o día 10 de xaneiro de 2024, visto o Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural Expediente: 03.H.1354.2023.001 e IA3705/2023 asinado pola directora xeral de Patrimonio Cultural Sra. M^a Carmen Martínez Ínsua o día 3 de febrerío de 2024 no que conclúe que non é previsible que as accións derivadas do proxecto xeren impactos sobre bens do patrimonio cultural coñecidos, polo que non é necesario establecer medidas protectoras ou correctoras a incluír no Informe de impacto ambiental, visto o Informe favorable emitido polo Instituto de Estudos do Territorio Expediente IET: P-22-277 asinado o día 30 de xaneiro de 2024 polo director do departamento técnico de estudos Sr. José Antonio Serantes Barbeito polo xefe do servizo de planificación de paisaxe Sr. José Luis Álvarez Vicente e polo director do instituto de estudos do territorio Sr. Enrique Luis de Salvador Sánchez Como se sinalou no informe do IET de data 31/03/2023 no que sinalan que o proxecto de referencia provocará un impacto paisaxístico significativo, toda vez que se duplica a ocupación do bordo costeiro cunha implantación dunha industria transformadora e as súas instalacións derivadas (aparcadoiro de gran capacidade, naves e depósitos secundarios). En todo caso, as medidas de integración paisaxística recollidas no documento ambiental achegado en data 29/01/2024, poden considerarse adecuadas para a integración das novas instalacións e para minimizar a súa visibilidade / Informe sectorial favorable no trámite de avaliación de impacto ambiental simplificado asinado polo xefe de área técnica de análise de proxecto Sr. José Manuel Pena Regueiro e polo subdirector xeral de espazos naturais Sr. Tomás Fernández-Couto Juanas o día 9 de febrerío de 2024, vista a **Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático pola que se formula o Informe de impacto ambiental favorable do proxecto “Ampliación de fábrica de conservas de peixes e produtos do mar”, no concello de Ribeira (A Coruña), promovido por Ignacio González Montes S.A, (Clave 2021/2024)**, concluíndo que, nos termos recollidos ao longo do presente documento, non son previsibles efectos adversos significativos sobre o medio ambiente e, polo tanto, non se considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria, asinado polo xefe do servizo de avaliación ambiental Sr. Manuel Díaz Cano o día 4 de marzo de 2024 polo subdirector xeral Sr. Juan Manuel Camiño Soto o día 4 de marzo de 2024, pola directora xeral de calidade ambiental, sostibilidade e cambio climático Sra. Sagrario Pérez Castellanos o día 4 de marzo de 2024, visto o Escrito emitido pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático asinado polo xefe do servizo de avaliación ambiental de Proxectos, Sr. Manuel Díaz Cano o día 19 de abril de 2024 mediante o que contesta á consulta efectuada, aclarando o seguinte: No caso que nos ocupa, o expediente recibíuse directamente dese Concello que actuou como órgano substantivo/tramitador. Una vez resolto o trámite ambiental foi remitido a Consellería do Medio Rural e a ese Concello para que logo do trámite ambiental se continúe co trámite de obtención de licenzas. A consellería do Medio Rural devolveunos a comunicación por non tratarse dunha industria agroalimentaria e non atoparse dentro das súas competencias. A estrutura orgánica da Consellería do Mar que establece o Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar establece: A Consellería do Mar é o órgano da Administración galega ao que, baixo a superior dirección da persoa titular do departamento, corresponde propoñer e executar as directrices xerais do Goberno en materia de ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo, acuicultura, confrarías de pescadores/as e demais organizacións e asociacións dos/as profesionais do sector, industrias pesqueiras e conserveiras, establecementos de almacenamento, manipulación, vendas e transformación do pescado. Función



encomendada, no referente a almacenamento, manipulación e transformación, á **Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica**, competente na dirección e coordinación das competencias e funcións en materia das industrias de transformación, comercialización e almacenamento dos produtos da pesca, o marisqueo e acuicultura, polo que, segundo a estrutura orgánica da consellería do Mar, **corresponde a substantividade a dita Dirección Xeral**.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

OITAVO.- O artigo 145 da LSG establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

NOVENO.- O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

DÉCIMO.- O Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia regula o Solo Rústico nos artigos 45 a 63, contemplando o artigo 357 do citado Decreto o seguinte:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- Finalidade da actuación e uso a que se destinará.
- Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.



- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.
- g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.
- h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.
- i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumplan.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.
- g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.
- h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.
- i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.



6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

DÉCIMO SEGUNDO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO TERCEIRO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de día 14 de xullo de 2023.

Polo anteriormente exposto, visto o informe favorable respecto á viabilidade urbanística emitido pola Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo Sra. M^a Encarnación Rivas Díaz con sinatura dixital de día 27 de novembro de 2018, visto o acordo adoptado en sesión celebrada o día 23 de setembro de 2021 polo Consello da Xunta de Galicia mediante o que se declara iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de ampliación de industria conserveira en Ribeira (A Coruña) promovido por IGNACIO MONTES S.A., vista a Autorización de obras de ampliación nave conserveira, Exp. DH.W15.88507 asinado o día 17 de novembro de 2022 polo subdirector xeral de xestión de dominio público hidráulico Sr. Roberto Arias Sánchez, pola directora de Augas de Galicia Sra. Teresa M^a Gutiérrez Lópezasí como polo xefe do servizo territorial Galicia - Centro Sr. Jesús Antonio Manrique Merino, visto o informe emitido polo servizo de avaliación ambiental de proxectos Non é previsible que as accións derivadas do proxecto xeren impactos sobre bens do patrimonio cultural coñecidos, polo que non é necesario establecer medidas protectoras ou correctoras a incluír no Informe de impacto ambiental asinado pola directora do laboratorio de medio ambiente de Galicia Sra. Maria Luz Macho Eiras o día 15 de decembro de 2023, visto o informe técnico-biolóxico MM-24-S002, sobre o proxecto "Proxecto básico de ampliación de nave conserveira" asinado polo técnico medio mariño do servizo de planificación Sr. Juan Miguel Acuña Garaboa o día 10 de xaneiro de 2024, visto o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural Expediente: 03.H.1354.2023.001 e IA3705/2023 asinado pola directora xeral de Patrimonio Cultural Sra. M^a Carmen Martínez Ínsua o día 3 de febreiro de 2024 no que conclúe que non é previsible que as accións derivadas do proxecto xeren impactos sobre bens do patrimonio cultural coñecidos, polo que non é necesario establecer medidas protectoras ou correctoras a incluír no informe de impacto ambiental, visto o informe favorable emitido polo Instituto de Estudos do Territorio Expediente IET: P-22-277 asinado o día 30 de xaneiro de 2024 polo director do departamento técnico de estudos Sr. José Antonio Serantes Barbeito polo xefe do servizo de planificación de paisaxe Sr. José Luis Álvarez Vicente e polo director do instituto de estudos do territorio Sr. Enrique Luis de Salvador Sánchez Como se sinalou no informe do IET de data 31/03/2023 no que sinalan que o proxecto de referencia provocará un impacto paisaxístico significativo, toda vez que se duplica a ocupación do bordo costeiro cunha implantación dunha industria transformadora e as súas instalacións derivadas (aparcadoiro de gran capacidade, naves e depósitos secundarios). En todo caso, as medidas de integración paisaxística recollidas no documento ambiental achegado en data 29/01/2024, poden considerarse adecuadas para a integración das novas instalacións e para minimizar a súa visibilidade / Informe sectorial favorable no trámite de avaliación de impacto ambiental simplificado asinado polo xefe de área técnica



de análise de proxecto Sr. José Manuel Pena Regueiro e polo subdirector xeral de espazos naturais Sr. Tomás Fernández-Couto Juanas o día 9 de febreiro de 2024, vista a **Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental , Sostibilidade e Cambio Climático pola que se formula o Informe de impacto ambiental favorable do proxecto “Ampliación de fábrica de conservas de peixes e produtos do mar”, no concello de Ribeira (A Coruña), promovido por Ignacio González Montes S.A, (Clave 2021/2024)**, concluíndo que, nos termos recollidos ao longo do presente documento, non son previsibles efectos adversos significativos sobre o medio ambiente e, polo tanto, non se considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria, asinado polo xefe do servizo de avaliación ambiental Sr. Manuel Díaz Cano o día 4 de marzo de 2024 polo subdirector xeral Sr. Juan Manuel Camiño Soto o día 4 de marzo de 2024, pola directora xeral de calidade ambiental, sostibilidade e cambio climático Sra. Sagrario Pérez Castellanos o día 4 de marzo de 2024, visto o Escrito emitido pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático asinado polo xefe do servizo de avaliación ambiental de Proxectos, Sr. Manuel Díaz Cano o día 19 de abril de 2024 mediante o que contesta á consulta efectuada, aclarando o seguinte: No caso que nos ocupa, o expediente recibíuse directamente dese Concello que actuou como órgano substantivo/tramitador. Una vez resolto o trámite ambiental foi remitido a Consellería do Medio Rural e a ese Concello para que logo do trámite ambiental se continúe co trámite de obtención de licenzas. A consellería do Medio Rural devolveunos a comunicación por non tratarse dunha industria agroalimentaria e non atoparse dentro das súas competencias. A estrutura orgánica da Consellería do Mar que establece o Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar establece: A Consellería do Mar é o órgano da Administración galega ao que, baixo a superior dirección da persoa titular do departamento, corresponde propoñer e executar as directrices xerais do Goberno en materia de ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo, acuicultura, confrarías de pescadores/as e demais organizacións e asociacións dos/as profesionais do sector, industrias pesqueiras e conserveiras, establecementos de almacenamento, manipulación, vendas e transformación do pescado. Función encomendada, no referente a almacenamento, manipulación e transformación, á **Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica**, competente na dirección e coordinación das competencias e funcións en materia das industrias de transformación, comercialización e almacenamento dos produtos da pesca, o marisqueo e acuicultura, polo que, segundo a estrutura orgánica da consellería do Mar, **corresponde a substantividade a dita Dirección Xeral, visto** o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal Sr. Óscar Pidre Mosquera con sinatura dixital de día 1 de abril de 2024, visto o informe técnico favorable emitido polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga con sinatura dixital de día 22 de abril de 2024, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano orosa, de data 25/04/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade IGNACIO MONTES S.A., **LICENZA DE OBRA (Nº 17/24)** para ampliación de nave conserveira existente e sita no lugar de Couso s/n, Aguiño, Ribeira, con refª catastral nº 15074A023000600000KS, achegándose Proxecto Básico de ampliación de nave conserveira de agosto de 2022 redactado polo Sr. José Manuel Engroba Cabo, Enxeñeiro Técnico Industrial (col. nº 654) e Sr. César Vázquez Valcárcel, Enxeñeiro Agrónomo, (col. nº 742):



- Deberá presentar **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos que deberá obter a aprobación municipal con anterioridade ao inicio das obras.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo visado colexial.

SEGUNDO.- Deberá respetar íntegramente as condicións e medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental propostas na documentación presentada polo promotor, así como aquelas recollidas nos informes dos diferentes organismos durante a tramitación ambiental, tendo en conta a **Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental , Sostibilidade e Cambio Climático pola que se formula o Informe de impacto ambiental favorable do proxecto “Ampliación de fábrica de conservas de peixes e produtos do mar”, no concello de Ribeira (A Coruña), promovido por Ignacio González Montes S.A, (Clave 2021/2024).**

TERCEIRO.- Visto o disposto pola Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaluación Ambiental modificada pola Lei 9/2018 de 5 de decembro dar tralado do presente título habilitante de natureza urbanística á **DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA (CONSELLERÍA DO MAR)**, para que como **ÓRGANO SUBSTANTIVO** e o competente na dirección e coordinación das competencias e funcións en materia das industrias de transformación, comercialización e almacenamento dos produtos da pesca, o marisqueo e acuicultura, polo que, segundo a estrutura orgánica da consellería do Mar.

CUARTO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

QUINTO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

SEXTO.- Logo de rematar a obra, interesado deberá presentar **COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN** segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, así como **COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE** segundo o disposto polo artigo 9 do Decreto 144/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos así como polo artigo 364.2 do Decreto 143/2016 de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia coa seguinte documentación:

- *Certificado Final de Obra co preceptivo visado colexial.*
- *Acta de recepción de obra terminada.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*



- Informe acústico de medicións de conformidade co previsto no Decreto 106/2015, de 9 de xullo.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias dos servizos.
- RCDs: documentación que acredite que os RCDs realmente producidos na obra foron xestionados, no seu caso, en obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

SÉTIMO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarse con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os



seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".

- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

OITAVO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

DÉCIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a dar traslado á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA xa que mediante CONVENIO DE ADHESIÓN ten atribuídas o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

DÉCIMO PRIMEIRO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO SEGUNDO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*



14.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A INFORME DO SERVIZO VIXILANCIA URBANÍSTICA SOBRE LICENZA URBANÍSTICA PRESENTADA CON DATA 20 DE XANEIRO DE 2024 (REX DE ENTRADA Nº 2023/1527)

VISTA a solicitude de licenza urbanística presentada con data 20 de xaneiro de 2024 (Rex de entrada nº 2023/1527) por Dña. Natalia Seoane Bueno, con NIF 33.293.846-N da sociedade Tree Arquitectura y Rehabilitación S.L.P, CIF B-72.692.279, en representación de D. André Ganzo Becerra, para rehabilitación en ampliación dunha vivanda existente na rúa Fonte nº 3, Corrubedo,

VISTO o informe emitido polos servizos municipais de vixilancia urbanística con data 29 de abril de 2024 no que fíase constar que:

“compróbase in situ a ocupación en ditos terreos municipais que lindan co nº 3 da rúa Fonte, en Corrubedo, e vemos que existen dúas zonas públicas afectadas estremeiras ca propiedade, e facemos constar o que alí se encontrou en cada unha delas:

-zona 1: Linda ca fachada oeste da vivanda nº 3 da rúa Fonte, confirmamos que se encontran emprazadas unhas escaleiras nas que ocupan parte do calexón público que alí discorre. Son escaleiras que veñen do cerramento cara a fora, e non forman parte do propio cerramento; neste caso é una construción engadida para acceder á zona superior (cuberta plana sen uso aparente)

-zona 2: sería a unión do cerramento oeste co cerramento do sur da vivanda nº 3 da rúa Fonte; vemos que a aliñación do oeste trae unha forma cóncava para rematar a unión co cerramento Sur nunha forma semicircular, na que se estreitaría o calexón público ata chegar ós 1,40 metros de ancho.. Vemos tamén, parte dunha vigueta pretensada de formigón que sobresaie na formación do cerramento semicircular á unha altura de 2,20 metros”.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, no exercizo das competencias delegadas pola Alcaldía a través de resolución de 14 de xullo de 2024, **ACORDA** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:-Tomar razón do devandito informe e requirir ó Departamento Municipal de Urbanismo para que por parte do servizo de delineantes reflicten sobre o terreno os lindes que deben rexer a execución das obras amparadas pola licenza solicitada coa fin de garantir e deixar expedito os viais públicos afectados.

Segundo:- Notificalo presente acordo ós interesados para a súa constancia e efectos oportunos.

15.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Villabal Inmobiliaria, S.L.

Visto o escrito presentado por **Villabal Inmobiliaria, S.L.**, de data 20/02/2024 (Rexistro de entrada nº 4.179), no que solicita certificación urbanística en relación á edificación sita na Avda da Constitución nº 1, Ribeira con refª catastral nº 0415906NH0101N.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 08/03/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:



Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, infórmase que o edificio sito na Avda da Constitución nº 1, Ribeira con refª catastral nº 0415906NH0101N foi construído en base á licenza de obras nº 106/206 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 2 de marzo de 2006, posteriormente a Xunta de Goberno Local concedeu licenza de primeira ocupación en sesión celebrada o día 3 de abril de 2008, e con independencia do disposto por outras administración non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á mencionada edificación.

16.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Luis Bernardo Maneiro Santiago

Visto o escrito presentado por **Luis Bernardo Maneiro Santiago**, de data 05/03/2024 (Rexistro de entrada nº 5.544), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº 4139702MH9143N0000PB e sita na Estrada do Faro, Corrubedo, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 25/04/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á parcela con refª catastral nº 4139702MH9143N0000PB e sita na Estrada do Faro, Corrubedo, Ribeira.

17.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR Dª BERTA FERRER MERCADAL, EN NOME E REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE REALE SEGUROS GENERALES, S.A. E POR D. JOSÉ MANUEL RÍO VIDAL, POLOS DANOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 3613LSJ OCASIONADOS AO BATER CUNHA FOCHA NA CALZADA. EXPEDIENTE 2023 RESP000030.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **Dª Berta Ferrer Mercadal**, en nome e representación de **REALE SEGUROS GENERALES S.A. e por D. José Manuel Río Vidal** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 02 de xaneiro de 2023, D. José Manuel Río Vidal, con DNI número 52939762H, circulaba no vehículo propiedade de D. Manuel Parada González marca BMW, modelo 118D, con placas de matrícula 3613LSJ, pola estrada municipal que conecta San Martiño con Santa Clara de Novas, cando, á altura do p.k. 0,3, bateu cunha focha existente na calzada o que lle ocasionou danos na roda dianteira dereita e nos baixos do vehículo.



Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 13/07/2023, D^a Berta Ferrer Mercadal, en nome e representación da entidade REALE SEGUROS GENERALES S.A. e D. José Manuel Río Vidal, promoven reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía de 643,28 euros, correspondendo 300 euros ó Sr. Río Vidal e 343,28 euros á entidade aseguradora.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia do DNI do Sr. Río Vidal; copia da escritura de poder outorgada pola entidade REALE SEGUROS GENERALES S.A., ante o Notario de Madrid, D. Ángel Almoguera Gómez, na data 01/07/2019, co número 3.406 do seu protocolo; escritura de poder de representación procesual outorgada por REALE SEGUROS GENERALES S.A, ante o Notario de Madrid, D. Ángel Almoguera Gómez, na data 05/08/2014, co número 4.640 do seu protocolo; informe pericial dos danos sufridos polo vehículo; permiso de circulación do vehículo a nome de Manuel Parada González; condicións xerais da póliza de seguro do automóbil; informe elaborado polo destacamento da Garda Civil de Santiago de Compostela na data do sinistro; e factura de reparación dos danos.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe realizado pola Policía local na data 08/02/2024; e informe emitido na data 01/03/2024 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade



prospera e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

A lexitimación pasiva, corresponde ao Concello de Ribeira, como titular do viario no que tivo lugar o accidente, tal e como se informa por parte da enxeñeira municipal en informe emitido na data 01/03/2024: *“En relación al expediente de referencia se afirma que la vía del lugar de Gándara, parroquia de Oleiros, en la que tuvo lugar el accidente es de titularidad municipal, por lo que su mantenimiento y conservación corresponde al Ayuntamiento de Ribeira.”*. A este respecto cómpre sinalar que o servizo de pavimentación das vías públicas é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Non obstante, en canto á lexitimación activa, cómpre sinalar que **D. José Manuel Río Vidal non ostenta a lexitimación activa para actuar no presente procedemento, xa que non é titular do vehículo que resultou danado, nin quen se fixo cargo do custo do arranxo do mesmo.**



Así, tal e como consta no expediente administrativo, o titular do vehículo é D. Manuel Parada González, e a factura de reparación dos danos está emitida a nome do Sr. Parada González.

De feito, mediante escrito, rexistrado de entrada na data 12/07/2023, D. Manuel Parada González, representado por D. Manuel L. Silva Constenla, promoveu reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos mesmos feitos y en relación ó mesmo vehículo, que se tramitou como expediente 2023 RESP000028, e que foi resolto, en sentido favorable, por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 21/03/2024, polo que se acorda proceder ó abono da indemnización na contía total de 643,28 euros , dos que 300 euros corresponden ó Sr. Parada González, e os 343,28 euros restantes corresponden á entidade aseguradora do vehículo REALE SEGUROS GENERALES, S.A.

En relación á entidade aseguradora REALE SEGUROS GENERALES, S.A., en principio, si tería lexitimación activa suficiente para presentar a reclamación ao ter asumido o custe de reparación dos danos do vehículo que ten asegurado como así consta no expediente administrativo, e de conformidade co artigo 43 da Lei 50/1980, do 08 de outubro, de Contrato de Seguro, que dispón: *“El asegurador una vez pagada la indemnización podrá ejercitar los derechos y las acciones que por razón del siniestro correspondan al asegurado frente a las personas responsables del mismo hasta el límite de la indemnización.”*

Actúa representada por D^a Berta Ferrer Mercadal, que acredita debidamente a súa representación mediante escritura de poder outorgada pola entidade REALE SEGUROS GENERALES S.A., ante o Notario de Madrid, D. Ángel Almoguera Gómez, na data 01/07/2019, co número 3.406 do seu protocolo.

Sen embargo, como xa se indicou, **a reclamación da referida compañía aseguradora xa foi debidamente atendida por esta Administración no expediente administrativo 2023 RESP000028, que foi resolto, en sentido favorable, por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 21/03/2024, polo que se acorda proceder ó abono da indemnización na contía total de 643,28 euros , dos que 300 euros corresponden ó Sr. Parada González, e os 343,28 euros restantes corresponden á entidade aseguradora do vehículo REALE SEGUROS GENERALES, S.A.**

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 25/04/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D^a Berta Ferrer Mercadal, en nome e representación de REALE SEGUROS GENERALES S.A. e por D. José Manuel Río Vidal, polas motivos expostos no apartado cuarto dos fundamentos de dereito.

18.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a VENTURA SUÁREZ FOLGAR, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE D^a JOSEFA PÉREZ AGEITOS, POLOS DANOS SUFRIDOS EN INMOBLE DA SÚA PROPIEDAD POR MOR DA CAÍDA DUNHA ÁRBORE. EXPEDIENTE 2023 RESP0000018.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a Ventura Suárez Folgar, en nome e representación de D^a JOSEFA PÉREZ AGEITOS**, co obxecto de determina-la



posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 22 de marzo de 2.023, D^a Ventura Suárez Folgar, con DNI número 33.154.343-G, en nome e representación de D^a Josefa Pérez Ageitos, con DNI número 33.080.183-L, presenta escrito de reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos na data 16 de novembro de 2.022, nunha nave da súa propiedade situada no número 180 da Avenida da Coruña, de referencia catastral 001702000NH01C0001DM, como consecuencia da caída dunha árbore enriba da mesma.

No citado escrito, que foi rexistrado de entrada co número 7.292, solicítase se recoñeza á parte reclamante o dereito a unha indemnización de 4.800 euros polos danos producidos.

O escrito ben acompañado dun informe pericial realizado polo Gabinete Técnico Pericial de Seguros Santiago S.L. na data 30 de xaneiro de 2.023, que dispón: *"Personados el día 23/01/2023 en el riesgo asegurado comprobamos la caída de un árbol sobre la nave asegurada, debiendo informar que con fecha 17/11/2022, se había realizado visita por nuestra parte a esta nave en la que comprobamos la caída de varias ramas de este árbol, sobre la cubierta, estando en esta última visita caído unha parte del tronco del árbol sobre la nave, al no haberse realizado los trabajos de tala desde el mes de noviembre del 2022. El siniestro según información facilitada en la primera visita en el mes de noviembre tuvo su inicio con fecha 16/11/2022. (...) Por nuestra parte comprobamos la rotura de 14 planchas de fibrocemento en la cubierta del edificio. (...)"*

En posterior escrito de emenda, rexistrado de entrada na data 25/08/2023 co número 19.479, a Sra. Suárez Folgar presenta certificación da relación de bens da herdanza de D. Antonio Aguado Pérez falecido, na data 06/01/1.990, e Nota Simple Informativa do Rexistro da Propiedade de Noia, na que constan como titulares do inmovible obxecto deste expediente D. Antonio Aguado Gómez e D^a Josefa Pérez Ageitos, na porcentaxe do 100% do pleno dominio con carácter ganancial.

Segundo.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Factura de reparación dos danos emitida na data 19/01/2024 pola entidade "D`Pijuan S.C. Construcciones y Reformas" pola contía de 5.708,78 euros, e que foi presentada mediante escrito rexistrado na data 24/01/2024 co número 1.916.
- Informe realizado pola Policía Local na data 27/11/2023, no que se dispón que non tiveron constancia do sucedido.
- Informe emitido polo técnico municipal de medio ambiente na data 07/02/2024, que afirma que tivo constancia do sucedido e que se encargou de xestionar a retirada da árbore caída sobre a nave por orde da Concellería correspondente, descoñecendo o motivo concreto da súa caída
- Informe realizado polo Capataz do Gaem na data 20/02/2024, no que da conta das condicións meteorolóxicas adversas na data 16/11/2022 e das incidencias atendidas nesa data, sen que conste a caída da árbore obxecto deste expediente.
- Informe emitido na data 15/03/2024 pola enxeñeira municipal, no que afirma que a finca na que se sitúa a árbore caída é de titularidade municipal, e que descoñecía o suceso así como as causas que propiciaron a caída da árbore.



Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por ningunha das partes interesadas no expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os



cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do sinistro que motivou o prexuízo económico.

Ó mesmo tempo a reclamante está lexitimada para formular a reclamación ó ser a titular da nave sobre a que caeu a árbore.

Actúa representada por D^a Ventura Suárez Folgar que acredita a súa representación mediante poder “*Apud Acta*” asinado na data 23/08/2023 ante a instrutora deste expediente.

Segundo o informe emitido na data 15/03/2024 pola enxeñeira municipal, a parcela na que estaba situada a árbore que caeu sobre a nave da Sra. Pérez Ageitos, foi adquirida polo Concello de Ribeira na data 10/06/2.022, mediante escritura autorizada ante a Notaria de Ribeira, D^a M^a Covadonga Vázquez López, co número 1.102 de protocolo, polo que a lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Ribeira.

Como xa se expuxo no Fundamento de Dereito Terceiro, no marco legal que acolle a materia da que tratamos, anteriormente citado, constitúe hoxe un principio plenamente consolidado o da obxectivación da responsabilidade extracontractual das administracións públicas. O deber por parte da Administración de indemnizar como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos, está de tal modo obxectivado na actualidade pola doutrina e a xurisprudencia, que poida nacer con independencia da mediación de culpa, negligencia ou ilegalidade, é dicir, pode ser reclamado polos particulares polo simple feito de que estes sufran no seu patrimonio un dano, prexuízo ou lesión, abondando con que poida demostrarse que o dano foi consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, agás nos casos de forza maior.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o mantemento das vías públicas urbanas e dos parques públicos (cómpre recordar que segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 19/05/2022 o inmovible no que se sitúa a árbore caída adquiriuse para a execución dunha área recreativa que complete a obra definida no proxecto “*Senda Peonil en Coroso*”). E este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela está obrigada a garantir.

Sentado o anterior e polo que respecta ó presente expediente, cómpre verificar en primeiro lugar a existencia, ou non, de relación de causalidade entre o funcionamento do



servizo e o dano producido, é dicir, a verificación da existencia do dano e que este foi consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

A este respecto **podemos apreciar a realidade do dano**, tanto do informe pericial presentado pola reclamante no que se inclúen fotografías nas que se observa a árbore caída sobre a nave, como da factura de reparación dos danos.

Pois ben, tendo en conta que o dano, concretado nos desperfectos sufridos pola nave como consecuencia da caída da árbore quedou suficientemente acreditado e considerando así mesmo que, de acordo cos informes que obran no expediente, especialmente o da enxeñeira municipal e o do técnico de medio ambiente que tivo constancia do sucedido e foi quen xestionou os traballos de retirada da árbore caída, **quedou igualmente acreditado que a árbore corresponde a unha finca de titularidade municipal destinada a área recreativa, sen que as condicións meteorolóxicas que causaron a caída poidan considerarse como forza maior** (do informe emitido polo capataz do Gaem desprendese que na data 16/11/2022 as condicións meteorolóxicas foron adversas pero non que puideran considerarse como de forza maior); estase en condicións de afirmar concluintemente que se dá no caso analizado a existencia dunha relación directa entre o dito resultado danoso e o que neste caso se constata como un deficiente funcionamento do servizo público.

Polo tanto, pódese dicir que a responsabilidade derivada dos danos xerados pola caída dunha árbore sobre a nave da Sra. Pérez Ageitos, debe ser imputada necesaria e fundadamente ó Concello de Ribeira, titular da árbore caída que propiciou a produción do dano, que foi efectivo, avaliable e individualizado, aspectos todos eles satisfactoriamente probados, determinando así a existencia da necesaria relación de causalidade, sen creba desta relación pola actuación indebida da reclamante, intervención de terceiro axente ou causa de forza maior.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 26/04/2024, e visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 26/04/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D^a Ventura Suárez Folgar, en nome e representación de D^a Josefa Pérez Ageitos, na contía total de 5.708,78 euros.

O abono da referida contía farase da seguinte forma: o Concello de Ribeira abonará 150 euros, que é a contía da franquicia existente na póliza subscrita coa entidade Mapfre Seguros de Empresas, mentres que a entidade aseguradora aboará a contía restante, isto é 5.558,78 euros.

19.- COMUNICACIÓN REALIZACIÓN ANDAINA – Enseduca, S.A.L.

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por Mayka Vidal Barral en representación de **Enseduca, S.A.L.**, de data 30/04/2024 (Rexistro de entrada nº 10.758), no que comunica a realización da actividade “andaina” co alumnado do Colexio Bayón por diferentes parroquias do concello, o día 16/05/2024, dando traslado á Policía Local para o



seu coñecemento.

20.- SOLICITUDE SINALIZACIÓN RÚA SEN SAÍDA EN ESTRADA FARO (CORRUBEDO)

Visto o informe/proposta emitido pola Policía Local a petición da Alcaldía, de data 26/04/2024, relativo á sinalización de rúa sen saída na vía que se incorpora á Estrada ao Faro (Corrubedo), enfronte ao acceso ao cemiterio de Corrubedo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a instalación dun sinal vertical de calzada sen saída (S-15a) na vía que se incorpora á Estrada ao Faro (Corrubedo), enfronte ao acceso ao cemiterio de Corrubedo, segundo o sinalado no citado informe policial.

21.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Beatriz Doval Saiñas (PLAYA MOSQUEIROS)

VISTO o escrito presentado por **Beatriz Doval Saiñas**, en representación do establecemento “Chiringuito Playa Mosqueiros”, de data 25/04/2024 (Rexistro de entrada nº 10.307), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Chiringuito Playa Mosqueiros” (Castiñeiras), o día 04/05/2024, en horario de 20:00h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **Beatriz Doval Saiñas**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Chiringuito Playa Mosqueiros” (Castiñeiras), o día 27/04/2024, en horario de 20:00h. a 00:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Chiringuito Playa Mosqueiros” (Castiñeiras) (**Beatriz Doval Saiñas**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades,*



o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”

- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



22.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTOS MUSICAIS EN LOCAL DE HOSTALERÍA – David Justicia Borrás (TRISKEL)

VISTO o escrito presentado por **David Justicia Borrás**, en representación do establecemento “Bar Triskel”, de data 29/04/2024 (Registro de entrada nº 10.530), no que solicita permiso para eventos musicais no establecemento hostaleiro “Bar Triskel” (Ribeira), os días 17 e 25/05/2024, en horario de 21:00h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **David Justicia Borrás**, para eventos musicais no establecemento hostaleiro “Bar Triskel” (Ribeira), os días 17 e 25/05/2024, en horario de 21:00h. a 00:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Triskel” (Ribeira) (**David Justicia Borrás**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo*



amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

23.- COMUNICACIÓN CELEBRACIÓN DE CONCENTRACIÓN “EN DEFENSA DO MAR” – Asociación Plataforma en Defensa da Ría de Arousa

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por Xaquín María Francisco Javier Rubido Muñiz en representación de **Asociación Plataforma en Defensa da Ría de Arousa**, de data 01/05/2024 (Registro de entrada nº 10.765), no que comunica a convocatoria de concentración “En defensa do Mar”, o día 13/05/2024 (de 11:30 h. a 13:00 h.), diante da Delegación da Consellería do Mar en Ribeira, dando traslado á Policía Local para o seu coñecemento.

24.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS. EJERCICIO 2023.



Vista a **Acta da reunión da Comisión Avaliadora das Subvencións a Clubs Deportivos do ano 2023**, de data 24/04/2024, na que se propón os beneficiarios do reparto das subvencións para a promoción de actividades deportivas. Exercicio 2023.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 29/04/2024.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Aprobar a concesión das subvencións a clubs deportivos do ano 2023 conforme a seguinte relación:

CLUB	SUBVENCIÓN 2023
CIDADE DE RIBEIRA C.F.	20.000,00 €
CLUB DE REMO NÁUTICO DE RIBEIRA	15.000,00 €
CLUB NATURAL SPORT VIDELGI	15.000,00 €
S.D. XUVENTÚ AGUIÑO	15.000,00 €
ATLÉTICO OLEIROS	10.104,33 €
CARREIRA C.F.	9.012,19 €
CLUB NATACIÓN RIBEIRA	8.891,98 €
CLUB NÁUTICO RIBEIRA	8.110,31 €
CLUB VOLEIBOL RIBEIRA	7.152,01 €
ESCUELA DE BOXEO EL CANARIO	6.592,18 €
CLUB KEMPO BARBANZA	6.042,59 €
CLUB PATINAXE RIBEIRA	5.871,50 €
CLUB PÁDEL RIBEIRA	5.250,58 €
CLUB ATLETISMO STA UXÍA	3.166,61 €
CLUB DEPORTIVO AS MIÑOTEIRAS	2.800,00 €
CLUB DEPORTIVO ARTES	2.421,00 €
CLUB KEMPO RIBEIRA	2.212,40 €
CLUB PALMEIRA	2.109,85 €
CLUB BALONCESTO RIBEIRA	1.937,85 €
CLUB BALONCESTO BARBANZA	1.200,00 €
AMPA O GRUPO	836,23 €
CLUB PATINAXE CIDADE DE RIBEIRA	683,94 €
CLUB WINDSURF 4 VENTOS	604,44 €
	150.000,00 €

- b) O prazo de xustificación será dun mes contando a partir do día seguinte da publicación da aprobación de concesión. Esta resolución publicárase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

25.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL (PRÓRROGA)- A.G.R.H.L.

Vista a proposta do **Concelleiro Delegado de Servizos Sociais**, Vicente Mariño de Bricio, de data 24/04/2024, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de



inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **A.G.R.H.L.**, mediante escrito de data 04/04/2024 (Rexistro de entrada nº 8.378).

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Marta Álvarez González, de data 19/04/2024, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a A.G.R.H.L. unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **475,00 €** (25,00 €/día), en concepto de prórroga de aloxamento urxente.

26.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE FÁTIMA EN OLEIROS

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo, Festexos, relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 29/04/2024, na que expón:

“Expoño:

- Recíbese peticións de Sandra Rodríguez Casais, en nome da Asociación Cultural Festejos e Deportes Virgen de Fátima, data de 23 e 25/4/2024 e núm. rexistro municipal de entrada 2024 10068 e 10311 respectivamente, interesando celebrar as Festas de Fátima na Parroquia de Oleiros.
- Indica que terá lugar na Praza do Centro Social de Oleiros os días 10, 11 e 17 de maio de 2024.
- Detalla as actividades da Programación diaria, que van desde pasarrúas, sesión infantil de inchables, actuacións musicais (Tuna, Orquestra e Djs), pirotecnia, así como actos relixiosos.
- Entrega nas oficinas do Centro Cultural Lustres Rivas un cartel e un programa de man que se engade ao expediente.
- Acompaña mapas de ubicación de: iluminación, sinalización e servizo de limpeza (desta última ademais unha imaxe dos residuos xerados outros anos).
- Achega recibo de pago e Póliza de Responsabilidade Civil núm. 1332300004463, período de vixencia do 12/5/2023 ao 12/5/2024.

SOLICITA

1. Uso do Centro Social e Cultural de Oleiros durante os días de festa, 11, 12 e 17 de maio de 2024.
2. Instalación de luminarias ornamentais, 2 luminarias “Boas Festas ou Felices Festas” e 3 luminarias tipo festivos.
3. Sinalización móbil e vallas destinadas á ordenación do tráfico.
4. Incrementar a vixilancia nocturna con maior interese de 3.00 a 4.00h a.m.
5. Limpeza do entorno á Igrexa Parroquial os días 11, 12 e 18 de maio respectivamente a partir das 8.00h a.m. e corredoiras próximas ao espazo da festa, con especial atención no Parque do Cruceiros, Praza do Centro Social e Adro da Igrexa co emprego de ser estos espazos baldeados (camión escoba); Aumentar o número de contenedores de residuos, mínimo de 8 unidades adicionais.
6. Instalar urinarios móbiles no campo da festa.
7. Pasarrúas de gaiteros e os inchables municipais.

En cumprimento da normativa vixente, Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia (DOG nº 1 de 2 de xaneiro de 2018) así como das normas aplicables en material de orden público e Seguridade cidadá, con anterioridade á data de celebración do evento deberá dispór de:

- ✓ Póliza de seguro de responsabilidade civil en vigor durante todos os días desta festa. Disposición Transitoria Terceira da antedita Lei 10/2017 e Sección 4ª do Decreto 226/2022, de 22 de decembro, pola que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos e actividades recreativas publicado no DOG nº 13 de 19 de xaneiro de 2023.
- ✓ Declaración responsable asinado polo representante da entidade organizadora e que deberá conter o programa de actividades que se van a desenvolver na festa, a temporización das actuacións musicais, a indicación das instalacións de estruturas como carpas, escenarios, así



como deberá conter a manifestación de que cumpre con todos os requisitos da normativa vixente e que dispón da documentación acreditativa.

- ✓ Documento acreditativo asinado pola persoa que asume a responsabilidade técnica da instalacións destas estruturas desmontables.
- ✓ Boletíns eléctricos da instalación segundo a instrución 2/2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre instalación eléctrica temporais de baixa tensión e compromiso de validación. En caso de xerador eléctrico, certificado de industria de ter pasado a inspección.

Precisará autorización do órgano competente para o lanzamento de foguetes, globos ou artefactos de calquera clase que conteña fogo (requisitos e documentos esixidos para espectáculos públicos de fogos de artifício que superen os 50 kg de mestura explosiva). O solicitante será responsable dos incendios que puidese orixinar. Haberá de ter en conta en todo momento a Circular e normativa vixente sobre Incendios Forestais.

Será da súa responsabilidade o pago á Sociedade Xeral de Autores de España que puidera corresponder da celebración de actuacións musicais.

Deberá cumprir co establecido no artigo 12 do Decreto 226/2022 referido á asistencia sanitaria.

É do noso interese apoiar a iniciativa do tecido social que

- ✓ Co seu esforzo e dedicación contribúen a enriquecer a oferta lúdico – cultural do municipio.
- ✓ Son un elemento vertebrador e integrador da sociedade e do mantemento das tradicións, ademais de supor un instrumento dinamizador da economía local.
- ✓ Pola súa singularidade crean espazos de socialización.
- ✓ Aberto a toda a cidadanía.”

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

- 1. Autorizar a celebración das Festas de Fátima os días 10, 11 e 17 de maio de 2024 na parroquia de Oleiros en horario de 10.00 h ata ás 4.00 h do día seguinte.**
- 2. Dispor do Uso Temporal, e en precario, das instalacións do Centro Social e Cultural de Oleiros destinado á organización da festa, días 11, 12 e 17 de maio de 2024.**

As condicións de uso e desenvolvemento de cada actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (*Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia* «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se *regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas* «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).

Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.

En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.

- 3. Prestar a colaboración municipal no relativo á presenza da Policía Local, servizo de limpeza, reforzo de contedores de lixo, así como pasarrúas dos días 11 e 17 de maio e sesión infantil de inchables ó 11 de maio de 2024 en horario de 16.30 a 19.30horas.**
- 4. Requerir ao solicitante a que presente con anterioridade á celebración do citado evento, a seguinte documentación:**



- ✓ **Póliza de seguro de responsabilidade civil en vigor durante todos os días da festa.**

Disposición Transitoria Tercera da antedita Lei 10/2017 e Sección 4ª do Decreto 226/2022, de 22 de decembro, pola que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos e actividades recreativas publicado no DOG nº 13 de 19 de xaneiro de 2023.

- ✓ **Declaración responsable** asinado polo representante da entidade organizadora e que deberá conter o programa de actividades que se van a desenvolver na festa, a temporización das actuacións musicais, a indicación das instalacións de estruturas como carpas, escenarios, así como deberá conter a manifestación de que cumpre con todos os requisitos da normativa vixente e que dispón da documentación acreditativa.
- ✓ **Documento acreditativo asinado pola persoa que asume a responsabilidade técnica** da instalacións destas estruturas desmontables.
- ✓ **Boletíns eléctricos da instalación** segundo a instrución 2/2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre instalación eléctricas temporais de baixa tensión e compromiso de validación. En caso de xerador eléctrico, certificado de industria de ter pasado a inspección.

5. Comunicar ao solicitante que

- ✓ **Precisará autorización do órgano competente para o lanzamento de foguetes, globos ou artefactos de calquera clase que conteña fogo** (requisitos e documentos esixidos para espectáculos públicos de fogos de artificio que superen os 50 kg de mestura explosiva). O solicitante será responsable dos incendios que puidese orixinar. Haberá de ter en conta en todo momento a Circular e normativa vixente sobre Incendios Forestais.
 - ✓ **Será da súa responsabilidade o pago á Sociedade Xeral de Autores de España** que puidera corresponder da celebración de actuacións musicais.
 - ✓ **Deberá cumprir co establecido no artigo 12 do Decreto 226/2022 referido á asistencia sanitaria.**
 - ✓ **Na actualidade non dispoñemos de iluminación ornamental así como de sanitarios móbiles, polo que será da súa conta.**
6. Dar traslado deste acordo á Área Municipal de Cultura e Festexos para atender todo o relativo as actuacións desta natureza.
7. Policía Local para atender a todo o relativo á regulación do tráfico, sinalización viaria e seguridade cidadá.

27.- AUTORIZACIÓN DE USO DAS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL “MARÍA VILAS” Á EMPRESA “SERVICIO DE FORMACIÓN GALEGO E SALVAMENTO, S.L.”, PARA A IMPARTICIÓ DO CURSO DE FORMACIÓN ESPECÍFICA DE SOCORRISMO (CFES-IEAN)

LOGO DE VER que Dna. María Patricia Sampedro Ayaso, en representación da empresa SERVICIO DE FORMACIÓN GALEGO E SALVAMENTO, S.L., presenta escrito de data 16-04-2024, con número de rexistro de entrada municipal 9.511, solicitando o uso da piscina municipal para “*impartación do curso de formación específica de socorrismo (CFES-IEAN), co obxectivo de facilitar ó Concello de profesionais do sector para cubrir os lugares de vixilancia mínimos de praias e instalacións acuáticas dentro da súa competencia*”.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no “EPÍGRAFE 3.- COMPLEXO DEPORTIVO A FIEITEIRA. 3.3.-“Utilización illada: Entrada ao Complexo con dereito de uso a tódolos servizos que dispón o abonado:
ENTRADA INFANTIL Ate quince anos 0,90 €
ENTRADA XOVE 16 a 23 anos 2,50 €
ENTRADA ADULTA 24 a 64 anos 4,00 €
ENTRADA 3ª IDADE A partir de 65 anos 1,90 €”
3. A piscina municipal “María Vilas”, non ten actividade programada para as datas solicitadas (excepto o uso regular das persoas usuarias do Complexo Deportivo A Fieiteira).

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 27-04-24 favorable á mesma con condicionantes, así como a proposta do Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 30/04/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte acordo:

Autorizar o uso da piscina municipal “María Vilas” á empresa “SERVICIO DE FORMACIÓN GALEGO E SALVAMENTO S.L.”, para a celebración dun curso de formación específica de socorrismo, cos seguintes condicionantes:

- Autorizar o uso dunha rúa de natación, previo pago da taxa que corresponda por entrar no complexo (en función de número de alumnos e idade dos mesmos).
- A autorización de uso das instalacións será para os días **12,18,19,24 e 25 de maio de 2024**.
- O solicitante deberá coordinar cos responsables da Piscina Municipal, os horarios nos que quere utilizar a instalación, co fin de non entorpecer a actividade regular do Complexo. Na mesma comunicación, deberá xuntar un listado coa xente inscrita ao curso.
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.



- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

28.- APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS E NORMAS DE ADMISIÓN PARA CAMPAMENTOS DE CONCILIACIÓN DO VERÁN 2024 E NADAL CULTURAL 2024/2025

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente mariño de Bricio, de data 29/04/2024, relativa á aprobación de prezos públicos e normas de admisión para Campamentos de Conciliación do Verán 2024 e Nadal Cultural 2024/2025.

Visto o informe conxunto emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, e o Tesoureiro Municipal, Félix Manuel Carrasco del Pozo, de data 29/04/2024.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

- 1.- Aprobar a celebración dos Campamentos de Conciliación de Verán 2024 e Nadal Cultural 2024/2025, segundo o contido da citada proposta.
- 2.- Aprobar os prazos de preinscrición e matrícula, segundo o contido da citada proposta.
- 3.- Aprobar a normativa de admisión, segundo o contido da citada proposta.
- 4.- Aprobar os prezos públicos sinalados e da bonificación do 20% na matrícula para os colectivos indicados, a reserva do 10% das prazas para emerxencia social, así como procedemento de realización do pagamento, segundo o contido da citada proposta.

CONCILIACIÓN DO VERÁN 2024 (PREZOS PÚBLICOS):

- Campamento de verán "Xoga con Nós":
Prezo de Matrícula: Xullo: 85 € - Agosto: 85 € - Xullo e Agosto: 150 €
- Campamento de inglés "Summer Camp":
Prezo de Matrícula: Xullo: 95 € - Agosto: 95 € - Xullo e Agosto: 170 €
- Campamento urbano:
Prezo de Matrícula: 42 €
- Verán completo:
Xullo e Agosto de "Xoga con Nós" + Campamento urbano: 180 €
Xullo e Agosto de "Summer Camp" + Campamento urbano: 200 €

CONCILIACIÓN NADAL 2024 (PREZOS PÚBLICOS):

- Campamento "Nadal Concilia":
Prezo de matrícula: 40 €

5.- Publicar un anuncio que dea conta da aprobación do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias do servizo que organize a actividade, que deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado

29.- ACHEGA CONCEDIDA A IMAGEN Y COMUNICACIONES DE PONTEVEDRA, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)



Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Sanidade, José Luis Furones Ramos, de data 20/04/2024, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Imagen y Comunicaciones de Pontevedra, S.L., co obxecto da realización do documental “El muro. Galicia frente al Narco”.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 30/04/2024.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Imagen y Comunicaciones de Pontevedra, S.L., co obxecto da realización do documental “El muro. Galicia frente al Narco”, por importe de 6.000,00 € en concepto de subvención.

30.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE
– Melisa González Gutiérrez

Visto o escrito presentado por **Melisa González Gutiérrez**, de data 02/05/2024 (Rexistro de entrada nº 10.861), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (mojitos), o día 04/05/2024, en Aguiño, co motivo da celebración da Festa dos Maíos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Melisa González Gutiérrez** para a instalación dun posto de venda ambulante (mojitos), o día 04/05/2024, en Aguiño, co motivo da celebración da Festa dos Maíos.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a **ubicación exacta** do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:45 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

